

ASUNTO: PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE DE IMPARTICIÓN DE MATERIAS EN INGLÉS

O Plan de Internacionalización lingüística da Universidade de Vigo recolle entre os seus obxectivos a implantación de docencia en inglés. No Eixo 2 do citado plan, indícase que a Universidade de Vigo establecerá un procedemento para que os centros poidan expresar a súa vontade para establecer unha oferta académica en inglés, ben sexan materias individuais, grupos docentes nas devanditas materias ou ben titulacións completas. O procedemento establecerá, entre outros, os prazos, requisitos, compromiso mínimo de impartición e outros criterios relevantes para establecer a dita docencia. En calquera caso, primarase a implantación de liñas en inglés nas titulacións impartidas pola Universidade de Vigo, comezando no primeiro curso e cubrindo de xeito paulatino todo o programa formativo.


O Plan de Internacionalización lingüística da Universidade de Vigo recolle tamén a acreditación mínima do profesorado para a impartición de docencia en inglés:

- Estarán capacitados de xeito automático todos os membros do PDI que acrediten un nivel de inglés igual ou equivalente ao B2 do MCERL, de acordo cos criterios e equivalencias aprobados no consello de goberno do 21 de decembro de 2012. Para ser válida, a citada acreditación deberá ser obtida nos últimos tres anos.
- Acreditar ter impartido docencia en inglés nunha institución de educación superior durante polo menos dous cursos académicos consecutivos ou tres alternos.
- Os membros do PDI que non dispoñan dalgunha das devanditas acreditacións poderán realizar unha proba no Centro de Linguas que acredite unhas competencias mínimas para a docencia en inglés (HELA: Higher Education Lecturing Accreditation). O Centro de Linguas establecerá, baixo a supervisión da Área de Linguas da Universidade de Vigo, os criterios de acreditación perante unha rúbrica de avaliación que será pública. O exame será confidencial.

PROCEDEMENTO

A solicitude de grupos ou materias en inglés deberá incluírse na proposta de PDA elaborada e aprobada polos centros para as titulacións de grao ou na proposta de PDA elaborada e aprobada polas CAM para as titulacións de máster. A proposta debe garantir que o estudiantado poida recibir docencia nalgunha das linguas oficiais, agás nos casos en que a docencia en inglés se recolla na memoria de verificación do título.

No momento da solicitude o centro debe garantir a existencia de profesorado acreditado para a impartición de docencia en inglés nos departamentos implicados. Do mesmo xeito no momento da solicitude a CAM debe garantir a existencia de profesorado acreditado para a impartición de docencia en inglés entre o profesorado que dará clase no máster. Esta acreditación debe posuírse no momento de aprobación da PDA polos centros ou as CAM.



A vicerreitoría de Organización Académica e profesorado analizará as solicitudes recibidas que xunto co resto da proposta de PDA serán aprobadas, se procede, pola COAP. Priorizarase, segundo se reflicte no Plan de Internacionalización Lingüística, a implantación de liñas estables en inglés comezando no primeiro curso e cubrindo de xeito paulatino todo o programa formativo.

Na elaboración dos POD, as materias ou grupos con docencia en inglés deben ser necesariamente asignados nos departamentos ou nas CAM a profesorado que posúa a acreditación mínima requirida. Os departamentos ou as CAM garantirán ao profesorado implicado que así o desexe a impartición destas materias durante 3 cursos académicos. A vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado analizará o cumprimento destes requisitos e a asignación será aprobada pola COAP xunto co resto dos POD dos departamentos.

Os centros deberán comunicar á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado calquera incidencia que impida a impartición da docencia en inglés. Á finalización de cada cuadrimestre os centros deberán subministrar aos servizos correspondentes as listas de estudantes pertencentes a materias ou grupos impartidos en inglés. Igualmente, á finalización de cada cuadrimestre, os centros deberán achegar á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado un informe que conterá a acreditación da impartición da materia en inglés e a comunicación das incidencias acontecidas, aos efectos de recoñecemento do traballo de profesorado e emisión das certificacións correspondentes.

Vigo, 17 de outubro de 2014

A Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado



Ana M. Graña Rodríguez

SR/SRA DECANO/A OU DIRECTOR/A DE CENTRO
SR/A DIRECTOR/A DE DEPARTAMENTO